

Moita terra, pouco mar

A FGCMF e a socialización dos barcos dos pobres e da súa cultura

Francisco Fernández Rei

En 1964 chegaba a Galicia o sueco Staffan Mörling, que viña de estudar os barcos das illas Feroe e que quedou admirado coas dornas galegas por construírense de xeito semellante, a calime. A mediados dos 60 percorreu o litoral galego para fotografar, facer planos, recoller a rica terminoloxía e o xeito de vida do bote de Ribadeo e da ghamela da Guarda, dos barlotes de Bares e dos trincados de Ferrol, das lanchas de Caldebarcos e de Fisterra, das dornas de Ons e de Ribeira, dos carochos do Miño e das chalanas, faluchos e tantos outros barcos de madeira que plasmou n' *As embarcacións tradicionais de Galicia* (1989). Este libro é a “Biblia” do movemento de recuperación do noso patrimonio marítimo-fluvial, que Mörling, radicado no Morrazo, tanto contribuíu a erguer co seu xeneroso e activo apoio, cando os barcos dos pobres estaban moi infravalorados e só uns poucos soñaban con socializar o seu uso.

Despois de acudir a Douarnenez e Brest a comezos dos 90 para ver como os bretóns traballaban na recuperación do seu patrimonio marítimo-fluvial, celebrouse un encontro de embarcacións tradicionais no verán do 1993 nas augas de Ribeira, co que comezou *de facto* a travesía da Federación Galega pola Cultura Marítima, aínda que a existencia legal é de finais de 1994. Dionísio Pereira, primeiro presidente desta Federación, contou os soños e o entusiasmo da xente das asociacións fundacionais que sempre formaron parte dese organismo (“Dorna Meca” do Grove, “Etnográfico Mascato” de Cambados e “Cofradía da Dorna” de Ribeira) e das que participaron no proceso constitutivo.

Despois dun novo encontro nas augas do Grove (1997), a Federación, en palabras de Dionísio, “ficou varada, sen directiva e sen actividade ningunha”, pero as asociacións mantiñan aceso o facho da posta en valor do patrimonio. No verán de 1999 Xavier Trepas ocupou a presidencia ó refundarse a Federación coa integración de novos colectivos, entre eles a activa “Cultural Dorna” da Illa da Arousa, organizadora da veterana regata arredor da Illa e que participara na fase previa de constitución da Federación. Hoxe son 41 os colectivos da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF), dous de barcas das ribeiras dos ríos Miño e Sil e 39 da beiramar,

desde Burela a Vila do Conde, pois a Federación é Galega da Gallaecia (e non de Galicia).

Cada dous anos organiza o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, No de Ferrol (2007) navegaron máis dun cento de barcos, cando no pioneiro de Ribeira a penas eran dúas ducias; e desde o encontro da Illa da Arousa (2003) institucionalizouse a presenza dun convidado de honra, que ese ano foi Portugal, no de Cambados (2005) o mar Mediterráneo e no de Ferrol, Bretaña.

A FGCMF funciona de xeito asembleario e conta desde o 2001 cun boletín interno, *O Apupo*, onde se dá conta da vida asociativa; e para substituír a publicación que se editaba desde o encontro de Coruxo (1995), no 2004 botou ó mar a revista *Ardentía*, que combina o rigor nos contidos coa divulgación, na procura de que toda persoa allea á cultura marítimo-fluvial poida achegarse ós temas tratados. No 2000 editou o informe *O patrimonio marítimo de Galicia* e realizou unha exposición sobre ese patrimonio, que na primavera do 2001 estivo na illa de Tatihou con motivo da exposición “Vivir no Atlántico norte” e que logo andou por portos, colexios e institutos galegos.

Membros da FGCMF proxectaron a exposición “Patrimonio do vento e do sal” para mostrar parte da rica tipoloxía dos nosos barcos tradicionais e o contorno sociocultural e ambiental en que naceron e se desenvolveron. En xuño deste ano, como hai un ano, esta exposición percorreu as principais vilas galegas na campaña de promoción do proxecto “Galicia en Brest”, apoiado pola Consellería de Cultura e Deportes da Xunta, porque en xullo do 2008 somos invitados de honra na cuadriannual Festa Marítima Internacional que se celebra nesa cidade bretoa.

Galicia estará en Brest nun lugar destacado, con Noruega a babor e Croacia a estribor, e ocuparáo espazo marítimo-terrestre de Brasil hai catro anos: onde actuou Gilberto Gil, esta vez farano Leilía e Treixadura; e onde atracaban e navegaban xangadas brasileiras, farano seis dornas polbeiras (e unha de tope), varias ghamelas, dous galeóns, un bote polbeiro, unha lancha xeiteira e así ata 25 embarcacións diferentes. E a nosa cultura marítima terá unha ampla mostra expositiva en terra.

É a primeira vez que unha nación sen estado ten tal honra, o que é un motivo de orgullo para tanta xente que tanto leva traballado para poñer en valor os barcos dos pobres e a súa cultura e que tanto leva bolinado para socializar un patrimonio, aínda vivo, que constitúe un elemento identitario dos galegos. E ese inxente traballo, como

manifestara Mörling a comezos do 2006, “fíxose case canda a Bretaña francesa ou Noruega. Pero non se fixo imitando, senón que se fixo ó mesmo tempo e coa xente nova que estaba especialmente interesada en botar cada día máis dornas”.

[Publicado en *Información Obreira O Xornal* nº 1, agosto 2008,
p. 23. Editado pola Central Unitaria de Traballadores]